

**Acta núm. 13/2023.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 10 de outubro de 2023.**

**ASISTENTES:**  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
José Antonio Vidal González.  
Nons asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 10 de outubro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2023, DO 19/09/2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 5º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2023, DO 19.09.2023.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 19.09.2023, acta núm. 12/2023.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO NIMO MÍGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre sito no lugar de A Graña – Cornanda, substituíndo parte do material de cubrición (paneis de chapa en cor tella) polo mesmo material, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, garantindo así as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela (referencia catastral 7148201NH1474N0001TT) na que se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERGIO VIGO CASTRO, na que comunica que vai construír un alpendre para gardar apeiros de labranza, de 50 m<sup>2</sup> construídos, dunha única planta e escasa entidade construtiva, nunha parcela sita no lugar de Soigrex – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6941311NH2464S0001YZ) emprázase sobre un ámbito solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM., e sitúase a menos de 100 metros do rego de Sanín, polo que se atopa dentro da zona de policía do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 07.07.2023 (clave DH.W15.91345) e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 8 m. do eixo do vial e 3 m. dos lindeiros.
- Estará convenientemente revestido e pintado, e a súa cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 167,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 232,23 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL BUSTO GRIÑÓN, na que comunica que vai substituír a carpintería exterior existente de aluminio por unha nova en PVC de cor gris, nunha vivenda de Gándara 7 - Bastavales.

A edificación (referencia catastral 8234807NH2483S0001KS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 386,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 450,77 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Fabián García Núñez, que di actuar en representación de MIGUEL ÁNGEL ROMERO BARCO, na que comunica que vai facer obras de mellora na vivenda unifamiliar sita no lugar do Casal 23 - Brión, consistentes en substituír a tella cerámica curva da cuberta da vivenda por outra das mesmas características.

A parcela (referencia catastral 00100800NH24D0001OX), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación en base a disposición transitoria 1º.2.b, da Lei 2/2016, o disposto nesta Lei para o solo rústico, asemade a parcela atópase dentro da zona de policía dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 19.09.2023 (expediente DH.W15.95499), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 200,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 264,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan José Esturao Pena, que di actuar en representación de ANA JUSTO HERRERO, na que comunica que vai substituír a carpintería

exterior existente por unha nova en PVC de cor madeira nunha vivenda sita no lugar de Gándara 6 - Bastavales.

A edificación (referencia catastral 8234806NH2483S0001OS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 252,61 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 317,18 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICTOR MANUEL BLANCO BLANCO, na que comunica que vai construír un peche e dous portalóns, un para acceso de coches e outro de acceso peonil, nunha parcela sita en San Salvador 29 - Bastavales, coas seguintes características:

.-O peche farase en fábrica de bloque de formigón ata unha altura de 1.10 m., revestido e pintado en cor branca, con celosía metálica por enriba ata unha altura total de 1.80 m.

.-O portalón de entrada terá unhas dimensións de 3,10 m. x 1,80 m. de alto, e a porta acceso peonil 1,10 m. x 1,80 m. de alto.

A parcela (referencia catastral 7724119NH2472N0000BT) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza n 2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche afastarase a 4 metros do eixo do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 115,51 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA TEMBRA ANTELO, na que comunica que vai construír un peche perimetral de parcela en O Tremo 5 – Os Ánxeles, a executar con postes e arame ata unha altura de 1.80 m., e unha lonxitude de 124 m. lineais.

A parcela (referencia catastral 7649407NH2474N0001OJ) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche na parte que da fronte ao vial público, afastarase como mínimo a 4 m. do eixo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 56,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 121,54 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN PUERTAS FLORES, na que comunica que vai realizar obras de axuste dentro das instalacións do local sito na Avda. dos Ánxeles 43, baixo, local A, Os Ánxeles, concretándose a actuación na execución dunha soleira de 1 m x 0,60 m. de ancho, debaixo da amasadora, coa finalidade de reducir emisión de ruído dentro do local.

A edificación, aséntase sobre un ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Francisco Javier Fernández Echeverría, que di actuar en representación de O PECADO DE XANTAR S.L., na que comunica que vai construír un peche de parcela con bloque de formigón rematado en cor, de 1,20 m de altura medidos sobre a rasante natural do terreo e executar obras ordinarias de urbanización do espazo situado fora da aliñación, segundo a memoria valorada asinada polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, de data xuño de 2023, en Sabaxáns 68 – Bastavales, para dar servizo ás vivendas unifamiliares adosadas en construción.

A parcela (referencia catastral 8017614NH2471N0001XS) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras de abastecemento e saneamento estarán supervisadas pola empresa encargada do mantemento (Espina & Delfín) que executará tamén os entronques á rede existente.
- Ao rematar a obra o solicitante achegará un ensaio de estanquidade do saneamento á empresa concesionaria (Espina & Delfín) coa finalidade de que emita informe previo á recepción da obra.
- A concesionaria poderá realizar as probas e inspeccións pola súa conta que estime oportunas.
- As acometidas, desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede á instalación, farase pola empresa concesionaria do servizo de augas, sendo de conta do abonado o custo correspondente de instalación segundo os prezos aprobados polo Concello.
- As obras de alumeado público estarán supervisadas pola empresa encargada do mantemento (MYMELEC ENERXÍA S.L.U).
- A pavimentación da beirarrúa de 1,80 metros de ancho será con baldosas de formigón similares ás existentes na proximidade da parcela (AC-300), para darlle continuidade.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía deberá depositar un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.992,00€, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 398,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
Total: 462,97 euros

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda de Estrar 21, Os Ánxeles (referencia catastral 7039409NH2474S0000HQ). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 73 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 29.05.2023. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.019,88 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 203,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 268,55 euros.

#### **CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Carlos Matovelle Gómez, que di actuar en representación da ARGENTA CAPITAL S.L., na que comunica o inicio da actividade parcial da residencia xeriátrica situada no Paseo de Pedrouzos 15, Brión.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local do 10.11.2020, concedeu a Residencia Santa Minia SL, licenza para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica, con 59 prazas para residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, segundo proxecto de execución redactado polo estudio Hernando Ezquerra SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.07.2020.

2. A Xunta de Goberno Local do 22.12.2020, autorizou o cambio de titularidade da licenza de obra para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica, con 59 prazas para residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, pasando a ser titular da licenza de obra Argenta Capital SL.

3. A Xunta de Goberno Local do 04.04.2023, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra o 22.06.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.06.2022; da autorización da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería de Política Social e Xuventude do 26.10.2022 (expediente número BS103E 2022/000052) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, no que sinala que consta realizada visitas de verificación e comprobación o 19.10.2022 e o 09.02.2023, por

unanimidade, acordou tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do edificio para á actividade de residencia xeriátrica, con 59 prazas para residencia de maiores, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerro o 22.06.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.06.2022; da autorización da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería de Política Social e Xuventude do 13.04.2023 (expediente número BS103E 2022/000078) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal do 04.10.2023, no que sinala que consta realizada visitas de verificación e comprobación o 19.10.2022 e o 09.02.2023, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do edificio para á actividade de residencia xeriátrica, con 9 prazas para vivenda comunitaria, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa de tramitación de comunicación previa actividade: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

#### **QUINTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SANTIAGO ROMERO CES, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Xinzo 31 – Bastavales.

Con data 15.10.2013 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a SANTIAGO ROMERO CES e AINHOA ARANA BILBAO, para construír unha vivenda unifamiliar en Xinzo 31, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco José Vázquez González, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.05.2013 e anexo de subsanación de deficiencias, visado o 18.09.2013.

Con data 29.11.2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a SANTIAGO ROMERO CES e AINHOA ARANA BILBAO, para reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar e ampliación dun galpón en Xinzo 31, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco José Vázquez González, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.07.2016 e documentación complementaria visada o 25.10.2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Francisco José Vázquez González, con data 14.10.2022, visado polo Colexio oficial de arquitectos con data 13.12.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ROSA MARÍA GONZÁLEZ GRAELL, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Caxusa 17 - Bastavales.

Con data 02.11.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a ROSA MARÍA GONZÁLEZ GRAELL, para construír una vivenda unifamiliar en Caxusa 17 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.10.2021 (expte. núm. 2106275).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data 03.03.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 07.03.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

#### **SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MANUEL LÓPEZ GARRIDO, solicitando licenza para para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Tourís 10 – Luaña, segundo proxecto de execución asinado polos arquitectos Cecilia López Muiños e Juan José Otero Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 29.06.2023 e documentación complementaria visada con data 17.07.2023 (expt. 2303549).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 0344205NH2404S0001YB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2) e atopase dentro da zona de policía dun rego innominado.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.85701), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polos arquitectos Cecilia López Muiños e Juan José Otero Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 29.06.2023 e documentación complementaria visada con data 17.07.2023 (expt. 2303549)

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (81,01 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40cm e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 81,01 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 04 de outubro de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.102,11 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.198,14 euros.

## **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González